



CIRCULAR 26-2018.- XX CAMPIONATO DE GALICIA DE CLUBS

AIRE LIBRE.- Vigo, 21 de abril de 2018

- A todas as Delegacións (*)

- A tódolos asembleístas

- A tódolos membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada

(*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

Art.1) A Delegación da F.G.A en Vigo organiza o XX Campionato de Galicia de Clubs ó Aire Libre o día **21 de Abril de 2018**, nas pistas de Balaídos.

Art.2) Poderán intervir un total de 8 clubs masculinos e femininos, estando convidados de forma directa os catro primeiros clasificados do Campionato de Galicia de Clubs da pasada tempada 2016/17. Estes clubs son:

Homes: Sociedad Gimnástica de Pontevedra; R.C. Celta; C.A. Narón e C.A. Santiago;

Mulleres: Ría Ferrol-Concepción Arenal; Atletismo Femenino Celta; Sociedad Gimnástica de Pontevedra e ADAS;

Todos estes clubs deberán confirmar a súa participación antes do 8 de abril.

Art.3) O resto dos Clubs, ata completar o máximo indicado de 8 en cada categoría, designaránse por estadillo de marcas da tempada 2016/17 (Aire Libre) e 2017/18 dos atletas con licenza por ese club na tempada actual, aínda que no 2017 teñan estado noutro club. O sistema de puntuación obterase puntuando as seguintes probas:

Homes: 100, 200, 400, 800, 1.500, 5.000, 110v., 400v. 3.000Obs., altura, lonxitude, triplo, pértiga, peso, disco, xavelina, martelo e 10km marcha.

Mulleres 100, 200, 400, 800, 1.500, 5.000, 100v, 400v., 3000Obst. altura, lonxitude, triplo, pértiga, peso, disco, xavelina, martelo e 5km marcha.

O estadillo conformarase cun atleta por proba e cada atleta poderá puntuar nunha soa proba realizándose a través da intranet da RFEA: (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) como data límite o día **8 de abril de 2018**. **Seguirá os mesmos criterios cos da competición no referente a**

- Límite inclusión de atletas de Clubs Asociados.
- Límite inclusión de Atletas Estranxeiros

Os rexistros deberán ser conseguidos en probas oficiais e figurar na intranet da RFEA

- Nos 100m, 200m, 400m, y Valos, só marcas eléctricas
- A proba de 5.000 poderase substituír polas de 3.000 y 10.000
- A proba de 5.000 marcha poderase substituír polas de 3.000 y 10.000, admitíndose as de ruta, excepto os 20km.



Todas as probas puntuaranse pola **Táboa IAAF 2017 do Aire Libre** (incluídas as marcas realizadas en Pista Cuberta na presente tempada)

Art.4) Unha vez comunicados os clubs participantes, as inscricións definitivas realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) **ata as 20:00 horas do martes 17 de abril.**

Art.5) No referente á participación de atletas estranxeiros e atletas de Clubs Asociados, aplicaranse as mesmas normas que ten a RFEA para os encontros a un solo atleta por club.

- Atletas estranxeiros: **5 participaci3ns** (Non contabilizarán os atletas de categoría xuvenil/Sub18 e cadetes/Sub16).
- Atletas de Clubs Asociados: **6 participaci3ns**

Art.6) O sistema de puntuaci3n será establecido por postos. En cada carreira ou concurso establecerase o seguinte criterio, 1º: N+1, 2º: N-1; 3º: N-2... etc., sendo N o número de clubs que participan. Os atletas (ou equipos) retirados ou descalificados non puntúan.

Art.7) Proclamarase campión o Club que obteña maior cantidade de puntos. Haberá trofeo para os tres primeiros clasificados, sendo obrigatorio acudir ao protocolo de entrega dos mesmos.


Art.8) Cada Club participante deberá cubrir un mínimo de **15 probas**, non admitindo aqueles que non cheguen a este mínimo. Por acordo da comisi3n de clubs, aplicarase a mesma normativa que a establecida pola RFEA para as súas competici3ns de clubs a un só atleta por entidade,.

- **Categorías Senior/veteranos, promesa/sub23, junior/sub20:** unha proba individual e un relevo.
- **Categoría xuvenil/sub18:** tódalas probas autorizadas. Só poden fazer unha proba individual e un relevo. De tal xeito que a suma das distancias percorridas si son carreiras non exceda os 510m.
- **Categoría cadete/sub16:** unha soa proba sempre e cando esta se contemple no cadro de probas válidas para esta categoría.

Por acordo da Comisi3n de Clubs non se permitirá a participaci3n de ningún Club nin atleta fora de concurso.

Art.9) O Delegado oficial de cada Club poderá efectuar un máximo de 5 trocos na composici3n do seu equipo ata 10 minutos antes do peche de cámara de chamadas. Os cambios efectuados nas probas de relevos, agás as inscrici3ns realizadas previamente, non se contabilizarán.

Art.10) O sorteo de rúas e orden de actuaci3n comunicarase unha vez recibidas tódalas inscrici3ns, así como as táboas en triplo salto. En lanzamentos e saltos horizontais realizaranse **6 intentos**, sen troco de orde tralo terceiro intento.



Art.11) HORARIO DO CAMPIONATO DE GALICIA DE CLUBS

		10.30	Martelo	Homes
5000 Marcha	Mulleres	11.00	Triple	Mulleres
		11.15	Altura	Mulleres
400 valados	Homes	11.45	Pértega	Mulleres
		11.50	Martelo	Mulleres
400 valados	Mulleres	11.55		
100	Mulleres	12.05		
100	Homes	12.15		
		12.20	Triple	Homes
1.500	Mulleres	12.25		
1.500	Homes	12.35		
400	Mulleres	12.45		
400	Homes	12.55		
3.000 Obstáculos	Homes	13.05	Peso	Mulleres
		13.10	Disco	Homes
3.000 Obstáculos	Mulleres	13.20		
4 x 100	Homes	13.45		
4 x 100	Mulleres	13.55		
		16.15	Disco	Mulleres
		16.30	Lonxitude	Homes
110 valados	Homes	16.45	Altura	Homes
100 valados	Mulleres	17.00	Pértega	Homes
200	Mulleres	17.10		
200	Homes	17.20	Peso	Homes
800	Mulleres	17.30	Xavelina	Mulleres
800	Homes	17.40		
3.000	Mulleres	17.50	Lonxitude	Mulleres
3.000	Homes	18.15		
5000 Marcha	Homes	18.35		
		18.45	Xavalina	Homes
4 x 400	Mulleres	19.20		
4 x 400	Homes	19.35		

Art.11). Os atletas deberán utilizar o dorsal de forma totalmente visible no peito, agás a pértega, en toda a súa superficie. O incumprimento de esta norma será motivo da descalificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.



CIRCULAR

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

Art.12) Alturas dos listóns: Colocaranse a altura máis baixa das solicitadas polos atletas e que permitan os saltómetros, ata continuar ca cadencia que se publicara co horario definitivo.

Horario de saída á pista límite de presentación en **Cámara de chamadas (deberán presentar DNI ou cualquier documento con foto):**

- Carreiras e marcha: 10 minutos antes da hora oficial da proba.
- Carreiras con valados e relevos: 15 minutos antes da hora oficial da proba.
- Saltos (agás pértega): 20 minutos antes da hora oficial da proba.
- Pértega: 40 minutos antes da hora oficial da proba.
- Lanzamentos: 20 minutos antes da hora oficial da proba.

Os atletas deberán saír à pista con a camiseta e o dorsal postos

Art.13) Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo as normas técnicas da F.G.A., R.F.E.A. e I.A.A.F por esta orden.

Dolores Rojas Suárez
Secretaria Xeral da FGA



A Coruña, 14 de marzo de 2018